



Concello de Monterrei

APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDE – BONIFICACIÓN IBI PARA EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS

O Concello de Monterrei informa da apertura do prazo para a presentación de solicitudes da bonificación no Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) aplicable a inmóbles destinados a explotacións gandeiras.

Obxecto

Concesión dunha bonificación do 90% da cota íntegra do IBI, de acordo coa ordenanza fiscal vixente publicada no BOP nº 272, de 26 de novembro de 2016.

Persoas beneficiarias

Poderán solicitar esta bonificación as persoas físicas ou xurídicas titulares de bens inmóbles destinados a explotacións gandeiras en **activo**.

Requisitos

- Que o inmóble estea destinado ao desenvolvemento dunha actividade gandeira.
- Acreditación da existencia da explotación (Alta REAGA ou rexistros oficiais correspondentes)
- Titularidade do inmóble.

Prazo de presentación de solicitudes

23 de marzo 2026 – 30 de abril 2026

Lugar e forma de presentación

- Rexistro Xeral do Concello de Monterrei.
- Sede electrónica: <https://monterrei.sedelectronica.es>

Documentación a achegar

- Instancia.
- Documentación acreditativa da actividade gandeira. (alta REAGA, libro de explotación)
- Titularidade do inmóble.
- Calquera outra documentación que se considere necesaria para a correcta valoración da solicitude.

Para máis información, as persoas interesadas poden dirixirse ás oficinas municipais.